



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS

CURSO: 4º DE PRIMARIA

TITORAS: M^a Margarita Andrés Pérez (4ºA)

Carmen Vázquez Barreiro (4ºB)

ANO ACADÉMICO: 2020-2021

ÍNDICE

1. CONTEXTO (p.3.)
 - 1.1 Centro
 - 1.2 Alumnado
2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO (p.5)
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS (p.6)
 - 3.1 Plan de reforzo e recuperación da materia do curso 19/20
 - 3.2 Contidos
4. METODOLOXÍA PRESENCIAL (p.10)
 - 4.1 Aspectos Xerais
 - 4.2 Estratexias metodolóxicas
 - 4.3 Exemplo de secuenciación de traballo na aula
 - 4.4 Outras decisións metodolóxicas
 - 4.5 Agrupamentos
 - 4.6 Tempos
 - 4.7 Espazos
5. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL (12)
 - 5.1 Plataforma de ensino
 - 5.2 Plataforma de comunicación co alumnado
 - 5.3 Plataforma de comunicación coas familias.
 - 5.4 Aspectos xerais de metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade.
 - 5.5 Aspectos xerais de metodoloxía e empregar en alumnado sen conectividade.
6. AVALIACIÓN (p.14)
 - 6.1 Avaluación Inicial
 - 6.2 Avaluación Contínua
 - 6.3 Criterios de avaliación
 - 6.4 Criterios de promoción do alumnado.
7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (p.24)
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE (p.24)
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (p.26)
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (p.27)
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (p.30)

CONTEXTO

1.1 CENTRO

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez N° 2, CP 36350. Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiás

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP Humberto Juanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

1.2 ALUMNADO

Aula de 4ºA

Un total de 21 alumn@s: 10 nenos e 11 nenas.

Aula de 4ºB

Un total de 20 alumn@s: 9 neno e 11 nenas.

Poboación inmigrante:

Non temos alumnado inmigrante no 4º nivel.

Alumnado con NEAE no curso actual:

En 4ºA: un neno con trastorno na linguaxe non verbal, e cinco nen@s con dificultades de aprendizaxe. Este alumnado recibe o apoio da especialista de P.T.

En 4º B: unha nena con neuropatía auditiva, outra con dificultades de aprendizaxe e un neno con retardo do desenvolvemento por condicións persoais e familiares. Estes alumn@s reciben o apoio da especialista de P.T.

Outras características:

Son uns grupos bastante cohesionados, aínda que naturalmente hai grupos de preferencia.

Teñen en común a “imperiosa necesidade” de falar moito, o que fai deles grupos moi participativos. O respecto polo alumnado diferente está establecido con normalidade.

2 OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Quedaron sen traballar os estándares do Bloque 4 e 5 que serán traballados este curso xa que aparecen incluídos nos estándares deste ano pero con máis profundidade.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

Área de C.C.S.S – 4º NIVEL

UNIDADE TEMÁTICA/ PROXECTO	CONTIDOS	CONTIDO	MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN	
				MES	N.º de SESIÓN
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS					
TODAS AS UD. TEMÁTICAS	B1.1	Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das súas fases e a súa aplicación nas Ciencias sociais. Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inxerencia e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos da vida cotiá • Libros de texto e complementarios 	TODO O CURSO	TODO O CURSO
	B1.2	Busca e selección de información empregando as TIC e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso (mediante uso do cartafol) e comunicación das conclusións.			
	B1.3	Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos. Iniciativa emprendedora.			
	B1.4	Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.			
	B1.5	Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia			
	B1.6	A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.			
	B1.8	Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fontes de información			
	B1.9	Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.			
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA					

O PLANETA EN QUE VIVIMOS	B2.1	A litosfera: placas tectónicas. Os volcáns, os terremotos e as súas consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos de estación meteorolóxica • Libros de texto e complementarios 	NOVEMBRO	14 sesións de clase
	B2.2	Formas de representación da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráneos.			
	B2.3	Identificación dos polos, o eixe e os hemisferios.			
	B2.4	Os paralelos e meridianos. As coordenadas xeográficas: latitude e lonxitude.			
	B2.5	Planos, mapas e planisferios. Mapas físicos e políticos.			
	B2.6	Escalas e signos convencionais dun mapa.			
	B2.7	Orientación no espazo			
O TEMPO O CLIMA A AUGA E AS ROCHAS	B2.8	O tempo atmosférico	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos naturais recollidos • Libros de texto e complemen 	DECEMBRO	12 sesións de clase simultáneas con naturais
	B2.9	Medición e predición meteorolóxica. Instrumentos de medida. Símbolos convencionais do mapa do tempo. Elaboración e comunicación dun parte meteorolóxico empregando as TIC (programa de radio, boletín meteorolóxico etc).			
	B2.10	Gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións: os climogramas.			
RELEVO RÍOS E PAISAXES DE ESPAÑA	B2.12	A hidrosfera. Distribución das augas no planeta. Masas e cursos de auga.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos naturais recollidos • Libros de texto e complemen 	DECEMBRO	12 sesións de clase simultáneas con naturais
	B2.13	Vertentes hidrográficas			
	B2.14	Os tramos dun río			
	B2.15	A litosfera: características e tipos de rochas.			
	B2.16	Rochas e minerais: propiedades, usos e utilidades.			
	B2.17	A diversidade xeográfica das paisaxes de Galicia: relevo e hidrografía. Utilización de sistemas de información xeográfica.			
	B2.18	A intervención humana no medio			
	B2.19	A contaminación e o cambio climático.			
	B2.20	Desenvolvemento sostible e consumo responsable			

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

XUNTOS VIVIMOS MELLOR	B3.1	A Constitución de 1978.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Edición papel da Constitución 1978 • Libros de texto e complementarios 	XANEIRO	12 sesións de clase
	B3.2	Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.			
	B3.3	Forma de goberno: a monarquía parlamentaria			
	B3.4	As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas sinxelos.			
	B3.5	A organización social, política e territorial: o Estado español e as Comunidades Autónomas.			
	B3.6	Estruturas de goberno básicas: o concello.			
	B3.8	Demografía e poboación	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Circuito escolar de Ed.Vial • Libros de texto e complementarios 	MARZO	12 sesións de clase
	B3.9	Conceptos demográficos: básicos e a súa representación. Representacións gráficas dalgúns datos demográficos de Galicia obtidos en fontes estatísticas: IGE.			
	B3.10	Educación viaria. Adquisición de coñecementos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.			
	O TEMPO PASA	B4.1.	O tempo histórico. A Prehistoria e a Idade Antiga: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos da vida cotiá 	ABRIL
B4.2		As fontes históricas: a importancia das fontes arqueolóxicas e materiais. A escritura.			
B4.3		Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo			
B4.4		A península ibérica na Prehistoria			
B4.5		A península ibérica na Idade Antiga.			

	B4.6	A Prehistoria e Idade Antiga en Galicia	• Libros de texto e complementarios		
	B4.7	O noso patrimonio histórico e cultural.			
ASÍ É A NOSA HISTORIA	B4.8	Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo. Planificación conxunta e visita a un museo próximo		XUÑO	10 sesións de clase
	B5.9	A ciencia: presente e futuro da sociedade.			
	B5.10	Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.			
	B5.11	Importantes descubrimentos e inventos.			

4 METODOLOXÍA PRESENCIAL

4.1 Aspectos xerais

A metodoloxía levada a cabo na aula será **activa, participativa, comunicativa e inclusiva**, tendo en conta en todo momento o ritmo de aprendizaxe e as características individuais de cada alumno/a, poñendo en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Está dirixida ó logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave dende a **integración das diferentes experiencias e aprendizaxes** do alumnado tendo en conta sempre os seus ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de **aprender por sí mesmos** promovendo **o traballo en equipo e colaborativo**.

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas e potenciarase o uso das tecnoloxías da comunicación como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

4.2 Estratexias metodolóxicas

As estratexias metodolóxicas que guiarán a nosa práctica docente basearanse nos **principios metodolóxicos comúns a todas as áreas** concretados no artigo 15 do Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia. Fai especial fincapé nos seguintes aspectos.

- Especial **atención á diversidade** e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).
- Participación activa e inclusiva**, dirixida ao logro das competencias clave.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa **resolución de problemas da vida real**.
- Estratexias para o **desenvolvemento de comprensión lectora**, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.
- Deseño e posta en práctica de **actividades de aprendizaxe integradas**, que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4.3 Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- Activación de coñecementos** previos.
- Tarefas e proceso de **investigación** do alumnado sobre os contidos da unidade co apoio de exposicións da mestra e diversos recursos (multimedia, biblioteca escolar, libro de texto...).
- Descubrimento, comprensión, interiorización, conexión e posta en práctica das aprendizaxes** a través da proposta de diversas tarefas (esquemas, resumos, murais, traballos de investigación, exposicións, traballos manipulativos, saídas didácticas, talleres, ...).
- Avaliación** do proceso de aprendizaxe e dos contidos adquiridos do alumnado en cada unidade.

4.4 Outras decisións metodolóxicas.

Tomaranse as decisións metodolóxicas oportunas según as necesidades do alumnado e tendo en conta a situación da pandemia en cada momento.

4.5 Agrupamentos:

Na aula acostumábase a traballar con distintos tipos de agrupamentos (por parellas, pequenos grupos...) buscando dar resposta aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, o compañerismo, autonomía, etc . Pero debido a situación de pandemia e segundo o protocolo covid, este curso se traballará con agrupamento:

-Individual: Permite detectar dificultades, respecta ritmos e estilos de aprendizaxe...

-Gran grupo: participa toda a clase na actividade en cuestión. É o agrupamento perfecto para tratar contidos de carácter actitudinal, para realizar debates, choiva de ideas... e deste modo coñecer o punto de partida e evolución do grupo.

4.6 Tempos.

A duración de cada unidade estenderase aproximadamente ao longo de dúas semanas, excepto aquelas que precisan de maior profundización.

4.7 Espazos.

Aula, espazos comúns do centro, en especial, a aula de informática.

5 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

5. 1 Plataforma de ensino

Aula Virtual a que teñen acceso a través da web do colexio

5.2 Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia.

Webex, sempre que a dotación informática persoal do docente e do alumnado o permita.

5.3 Plataforma/medio de comunicación coas familias.

Abalar Móbil, correo electrónico e, de ser necesario, a través do teléfono.

5.4 Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:

-Proposta semanal de traballo indicando as **tarefas** para cada día **segundo o horario da aula** e ofrecendo os recursos necesarios para o seu desenvolvemento (videochamadas, enlaces de vídeos explicativos e informativos, arquivos con material de traballo en pdf/word, webs, actividades interactivas, fotografías...).

-Corrección de tarefas por parte do profesorado e **autocorrección por parte do alumnado** guiado polo profesorado.

-Avaliación do proceso e da adquisición das aprendizaxes e **información** da mesma ao alumnado e familias.

Toda esta metodoloxía a través da aula virtual.

5.5 Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:

-Comunicación da proposta semanal de traballo **a través do medio que acorden o docente e as familia.**

O docente poderá, de ser necesario, **adaptar as tarefas semanais deste alumnado tendo en conta a non conectividade**, eliminando actividades interactivas e as que requiran o manexo de recursos aos que non ten acceso (vídeos, webs...).

-Entrega de tarefas do alumno a través do medio que acorden familia e docente.

-Corrección de tarefas por parte do profesorado (a través do medio que acorden) e **autocorrección por parte do alumnado** guiado polo profesorado.

-Avaliación do proceso e da adquisición das aprendizaxes e **información** da mesma ao alumnado e familias a través do medio que acorden.

6 AVALIACIÓN

6.3 AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: ao longo do mes de setembro.

Tipo de proba (descricao): a través de actividades orais e escritas para recabar a información necesaria sobre os coñecementos do alumnado en relación aos contidos fundamentais do pasado curso nesta área.

Mecanismo para informar ás familias: a través de Abalar Móbil e se é necesario mediante entrevista ou comunicación telefónica.

Consecuencias dos resultados das probas: : reforzo individual ou do grupo nos contidos necesarios.

6.4 AVALIACIÓN CONTINUA

-**Probas escritas ao rematar cada unidade.** No caso en que a titora o considere, poderá substituír algunha proba escrita pola entrega de tarefas acordadas ou probas orais. Tamén utilizaranse como instrumentos de avaliación continua exposicións orais, análise do traballo da aula (caderno de clase) e a observación directa.

-As probas e as tarefas cualifícanse cuantitativamente, segundo o especificado previamente ao alumnado en cada caso.

-Valorarase o esforzo e traballo diario do alumnado na realización das tarefas, así como a súa actitude, interese e comportamento cos demais e co profesorado. Para a recollida desta información utilizaranse a observación directa e anotacións no caderno do profesor/a.

-Ponderación segundo o peso de cada estándar e redondeo da nota segundo a Orde de avaliación para primaria.

6.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Área de SOCIAIS – 4º NIVEL

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO %	COMPETENCIAS CLAVE
	1º T	2º T	3º T				
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS							
CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	x	X	x	<ul style="list-style-type: none"> • Rúbricas de avaliación • Probas de control • Observación directa • Probas orais • Traballo diario 	Busca información	3,75%	CAA CD CMCCT CCL
CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	x	X	x		Manifesta autonomía	3,75%	CSIEE CAA
CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	x	X	x		Realiza as tarefas	3,75%	CAA CCL CMCCT
CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material	x	X	x		Participa en actividades	3,75%	CSC CAA

CSB1.2.2.Adoita un comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	x	X	x		Adoita comportamento responsable	3,75%	CSC CAA
CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais	x	X	x		Emprega vocabulario	3,75%	CCL CAA CMCCT CSC
CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	x	X	x		Expón oralmente	3,75%	CCL CMCCT CSC CAA
CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	x	X	x		Analiza informacións	3,75%	CCL CD CMCCT CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA							
CSB2.1..1 Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e as súas consecuencias.	x			<ul style="list-style-type: none"> • Rúbricas de avaliación • Probas de control • Observación directa 	Coñece e define litosfera	2%	CMCCT CAA CCL
CSB2.2.1.Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios	x				Explica representacións da Terra	2%	CMCCT CCL CAA

CSB2.3.1. Localiza diferentes puntos da Terra empregando os paralelos e meridianos e as coordenadas xeográficas.	x			<ul style="list-style-type: none"> • Probas orais • Traballo diario 	Localiza puntos da Terra	2%	CMCCT CAA
CSB2.4.1. Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel	x				Clasifica tipos de mapas	2%	CMCCT CAA
CSB2.5.1. Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan	x				Define tempo atmosférico	2%	CMCCT CCL CAA
CSB2.5.2. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.	x					2%	CMCCT CCL CAA CD
CSB2.5.3. Interpreta sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais	x				Interpreta mapas	2%	CMCCT
CSB2.6.1. Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas	x				Define hidrosfera	2%	CMCCT CCL CSC
CSB2.6.3. Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles	x				Nomea tramos dun río	2%	CMCCT CCL CAA

CSB2.7.1.Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.	X				Observa rochas	2%	CMCCT CCL
CSB2.7.2.Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.	X					2%	CMCCT CCL
CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.	X				Localiza unidades de relevo en Galicia	2%	CSC CAA
CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.	X				Sitúa mares e océanos de Galicia	2%	CSC CAA
CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	X				Importancia do coidado do medio ambiente	2%	CSC CCL
CSB2.9.2. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable	X				Propón medidas de sostibilidade	2%	CSC CCL
BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE							
CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.		X		<ul style="list-style-type: none"> • Rúbricas de avaliación • Probas de control • Observación directa • Probas orais • Traballo diario 	Identifica principios democráticos	2%	CSC CCL
CSB3.2.1.Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.		X			Identifica institucións públicas	2%	CSC CCL
CSB3.2.2.Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles		X				2%	CCL CSC

CSB3 3.1 Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.		X			Explica organización territorial de España	2%	CCL CSC
CSB3.4.1.Recoñece, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.		X			Recoñece diversidade cultural	2%	CSC CCL
CSB3.5.1.Define demografía e comprende os principais conceptos demográficos		X			Entende a demografía	2%	CCL CSC
CSB3.5.2.Elabora gráficos sinxelos a partir de datos demográficos de obtidos en diversas fontes de información.		X			Elabora gráficos	2%	CMCCT CAA
CSB3 6.1.Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas		X			Coñece normas de circulación	2%	CSC CCL
CSB3 6.2.Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrocharse o cinto, non molestar a persoa condutora...)		X				2%	CSC CCL
BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO							
CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.			X	• Rúbricas de avaliación	Define idades históricas	2%	CSC CMCCT CCL
CSB4.1.2.Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como			X		Valora os descubrimentos básicos	2%	CSC CCEC

descubrimientos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.				<ul style="list-style-type: none"> • Probas de control • Observación directa • Probas orais • Traballo diario 			CCL
CSB4.2.1.Recoñece a importancia dos restos arqueolóxicos e materiais que produce unha sociedade como fontes para coñecer o noso pasado, con especial relevancia da escritura			X		Coñece a importancia dos restos arqueolóxicos	2%	CSC CMCCT CAA
CSB4.3.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C			X		Entende o século para medir a historia	2%	CMCCT CSC
CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.			X		Sitúa feitos históricos	2%	CMCCT CSC CCEC CCL
CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas			X			2%	CCEC CSC CCL
CSB4.4.3.Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.			X			2%	CSC CCEC CCL
CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.			X		Data a Idade Antiga	2%	CMCCT CSC CCEC
CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora			X		Identifica o patrimonio	2%	CSC CCEC
							CSC

CSB4.6.1. Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo			X		Comportamento respectuoso nos lugares históricos	2%	CCEC
CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.			X		Coñece avances da ciencia	2%	CMCCT CCL CSC CCEC

6.4 CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

- **CRITERIO NUMÉRICO:**

- Con 1 materia non superada: Promociona

- A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxicos.

○ **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

<u>CRITERIO</u>	Non promociona		Promociona	
	4	3	2	1
1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promociona		Non promociona	
	4	3	2	1
4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento?				
5. Está integrado no seu grupo?				
6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

- 1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.*
- 2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- 3. Cando un alumno o unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.*
- 4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.*
- 5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.*

7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Inclúese na táboa do apartado 6.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	4	3	2	1
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	4	3	2	1
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará.**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**

Indicadores:

	Escala			
	4	3	2	1
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				

16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

<p>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desdoblamento de grupos. • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. • Programa específico para alumnado repetidor da materia. • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.
---	--

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. • Alumnado con flexibilización na escolarización. • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA para o nivel.